



Universidade do Minho

Universidade de Vigo

Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo, España e  
Universidade do Minho, Portugal

## CONVOCATORIA CONXUNTA PARA APOIO A PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

### 1. Obxecto

Tendo presente o “Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo, España e Universidade do Minho, Portugal” asinado em 2022, promóvese a presente convocatoria que ten por obxecto o financiamento de actividades de investigación (a partir de aquí, proxectos) de interese para a Universidade de Vigo e a Universidade do Minho. Con tal finalidade, financiaranse proxectos relacionados coas áreas de investigación nas que esta colaboración poida ser máis frutífera, dende dous puntos de vista: realización de proxectos conxuntos (modalidade 1) e promoción da preparación de proxectos internacionais en colaboración (modalidade 2).

En ambos casos, financiarase a realización de proxectos nos que participará persoal investigador das dúas institucións, orientados, prioritariamente, ás seguintes áreas de investigación: Dereito, Arqueoloxía, Intelixencia Artificial, Ciencia e Tecnoloxía do Mar, Biomedicina, Enxeñería Química, Alimentos e Biotecnoloxía, Enxeñería Civil, Enxeñería Aeroespacial, Estatística e Comunicación.

### 2. Características dos proxectos

O período de execución económica dos proxectos terá unha duración máxima de once meses (do 01/01/2024 ao 30/11/2024), aínda que a parte investigadora, sobre todo de cara á presentación e divulgación de resultados, podería durar ata o 30/06/2025.

Os proxectos contarán con dúas persoas investigadoras principais (unha de cada institución) e un equipo de investigación proporcional coas tarefas a realizar. As dúas persoas investigadoras principais terán a mesma consideración a todos os efectos, ambas presentarán a solicitude na súa institución, indicarán a área de investigación do proxecto e farán de interlocutor cos servizos administrativos da súa institución para os diferentes trámites relacionados coa xestión do proxecto.

No caso de UVigo, poderán ser beneficiarios/as destas axudas o persoal investigador que cumpra os requisitos establecidos nesta convocatoria e que forme parte dun grupo de investigación da Uvigo. Cada persoa investigadora liderará soamente unha solicitude por grupo.

No caso de UMinho, poderán ser beneficiarios/as destas axudas o persoal investigador que cumpra os requisitos establecidos nesta convocatoria e que forme parte dun centro de investigación da UMinho.

## 3. Requisitos específicos do persoal investigador

### 3.1 Requisitos específicos do persoal investigador de UVigo

#### 3.1.1. Requisitos do persoal investigador principal (IP) do proxecto

- Estar en posesión do título de doutor/a, e manter unha relación contractual laboral ou funcional a tempo completo ata a data de finalización do período de execución da subvención.
- Non estar contratado/a con carácter indefinido a unha liña de investigación, nin por duración determinada ou circunstancias da produción con cargo a fondos de proxectos de investigación ou outras actividades de I+D.
- O persoal investigador beneficiario dunha axuda posdoutoral que inclúa un contrato de estadía non poderá figurar como investigador/a principal no transcorrer desa fase do contrato.
- Ningún IP poderá figurar na solicitude de máis dun proxecto.

#### 3.1.2 Requisitos do persoal do equipo de investigación

- O equipo de investigación estará composto por persoal investigador que cumpra unha das seguintes características:
  - Ter unha relación contractual coa UVigo funcional ou laboral a tempo completo con capacidade para desenvolver tarefas investigadoras.
  - Estar contratado/a con carácter indefinido na liña de investigación na que se encadre o proxecto ata a data de finalización do período de execución da subvención.
  - Ser persoal investigador predoutoral contratado co motivo de superar un procedemento de selección de persoal en concorrencia competitiva convocado por calquera entidade do sector público. Neste caso, deberá presentar a correspondente autorización.
- Non ser actualmente IP en ningún outro proxecto de investigación de carácter competitivo de ámbito autonómico, estatal ou europeo.
- Ningún investigador/a poderá figurar na solicitude de máis dun proxecto.

### 3.2. Requisitos específicos do persoal investigador de UMinho

#### 3.2.1. Requisitos do persoal investigador principal (IP) do proxecto

- Estar en posesión do título de doutor/a, e manter unha relación contractual a tempo integral coa UMinho ata a data de finalización do período de execución da subvención.
- Non estar contratado/a con cargo a fondos de proxectos de investigación ou outras actividades de I+D.
- Ningún(a) IP poderá figurar na solicitude de máis dun proxecto nas dúas modalidades.

#### 3.2.2 Requisitos do persoal do equipo de investigación

- O equipo de investigación estará composto por persoal investigador que manteña una relación contractual a tempo completo coa UMinho ata a data de finalización do período de execución da subvención.
- Non ser actualmente investigador/a principal en ningún outro proxecto de investigación de carácter competitivo de ámbito autonómico, estatal ou europeo.

- Ningún investigador/a poderá figurar na solicitude de máis dun proxecto das dúas modalidades.

## 4. Presentación das solicitudes

As solicitudes poderán presentarse en galego, portugués ou inglés pero serán únicas (o mesmo documento, Anexo I, presentarse nas dúas institucións simultaneamente).

O prazo de presentación de solicitudes é desde o 30 de novembro de 2023 ata as 18:00, hora de Madrid (17:00, hora de Lisboa), do 15 de decembro de 2023.

No caso de UVigo, as solicitudes presentaranse, unha vez asinadas, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.UVigo.gal>) no procedemento SXER – Instancia Xenérica, indicando “Solicitude - Programa de axudas a proxectos colaborativos UVigo-UMinho”. No caso de UMinho as solicitudes presentaranse, unha vez asinadas, a través do Módulo de Gestão de Projetos da intranet da UMinho (<https://intranet.uminho.pt>) no procedemento “Candidaturas – Registrar” em “Área de Trabalho – Gestão Administrativa – Gestão de Projetos”.

Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, procederase á súa revisión, e publicarase a relación provisoria das solicitudes admitidas e excluídas a trámite, así como as causas de exclusión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo e no separador “Informação Geral” do Módulo de Gestão de Projetos, no caso de UMinho.

As persoas solicitantes excluídas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para reclamar contra a relación provisoria ou para, no seu caso, corrixir ou completar a documentación. As reclamacións ou emendas presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.UVigo.gal>) utilizando a instancia SXER – Emenda e mellora da solicitude, indicando no asunto “Programa de axudas a proxectos colaborativos UVigo-UMinho”, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación. No caso de UMinho se presentarán por correo electrónico a [sec-ecferreira@reitoria.uminho.pt](mailto:sec-ecferreira@reitoria.uminho.pt).

Serán causas de exclusión das solicitudes presentadas o non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada.

Posteriormente procederase á publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo e no separador “Informação Geral” do Módulo de Gestão de Projetos, no caso de UMinho.

## 5. Avaliación, resolución de concesión e réxime de recursos

A selección será efectuada pola Comisión de Avaliación que estará composta por:

- A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación da UVigo, ou persoa en quen delegue, que será a presidenta da Comisión.
- O Vicerreitor de Investigación e Innovación da UMinho, ou persoa en quen delegue, que será o presidente da Comisión.
- Catro investigadores/as (dúas de cada institución) con dedicación a tempo completo e vinculación permanente.

Os membros desta comisión non poderán participar nos equipos solicitantes dos proxectos desta convocatoria.

A seguinte táboa presenta os criterios de avaliación de solicitudes.

	Modalidade	
	1	2
A. Calidade científica e innovación do proxecto de investigación	25%	-
B. Potencial para a obtención de fondos adicionais	20%	50%
C. Viabilidade do plan de investigación	25%	-
D. Adecuación do orzamento en relación ao plan de traballo do proxecto	10%	10%
E. Competencia e especialización do persoal investigador ou dos grupos de investigación ao proxecto proposto	20%	40%

A comisión, de conformidade cos criterios establecidos para a avaliación, emitirá un informe motivado sobre a prelación das solicitudes. Non obstante, non será necesario fixar dita orde de prelación cando o crédito consignado sexa suficiente para atender todas as solicitudes presentadas que satisfagan os requisitos esixidos.

Efectuada a valoración, a Comisión de Avaliación publicará, no caso de UVigo no taboleiro de anuncios da sede electrónica de UVigo e no separador “Informação Geral” do Módulo de Gestão de Projetos, no caso de UMinho, a listaxe provisoria de axudas concedidas e denegadas. Fixarase un prazo de cinco días hábiles, que se contarán desde o día seguinte á publicación da devandita listaxe, para que os/as candidatos/as presenten as alegacións que consideren oportunas a través da sede electrónica da UVigo <https://sede.UVigo.gal>, Instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude, e no separador “Informação Geral” do Módulo de Gestão de Projetos, no caso de UMinho. Transcorrido este prazo, a comisión elevará, a través da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación no caso de UVigo e a través do Vice-Reitor de Investigación e Innovación no caso da UMinho, unha proposta definitiva de resolución, que se publicará no caso de UVigo no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no separador “Informação Geral” do Módulo de Gestão de Projetos, no caso de UMinho.

No caso de UVigo, contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso da Uminho, no marco de audiencia previa, no prazo de dez días útiles contados dende a notificación da proposta de decisión, o/a IP comunicará a aceptación ou pronunciarase sobre a proposta de decisión por correo electrónico a [sec-ecferreira@reitoria.uminho.pt](mailto:sec-ecferreira@reitoria.uminho.pt). Os comentarios presentados polo/a IP á proposta de decisión serán apreciados polo tribunal, que notificará ao/á IP a decisión. Tras a notificación da decisión, cabe a reclamación perante o Reitor da Uminho no prazo de quince días hábiles. A reclamación será analizada a nivel de mérito científico por un segundo panel de expertos independentes que recomendarán, de forma debidamente xustificada, o mantemento ou a modificación da decisión. O Reitor comunicará

ao/á IP a decisión final sobre os resultados do procedemento de reclamación. O recurso administrativo cabe, tamén, ao abeiro do Código do Procedimento Administrativo (Decreto-Lei n.º 4/2015).

## 6. Incompatibilidades

A axuda é incompatible con calquera outra axuda de entidades públicas e privadas para a mesma finalidade e/ou período.

No caso de UVigo o importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

## 7. Financiamento e gastos elixibles

O valor total do financiamento destinado a esta convocatoria son 50.000 € por cada unha das dúas institucións. Desta cantidade, 40.000 € adicaránse á modalidade 1 e 10.000 € adicaránse á modalidade 2.

Na modalidade 1 outorgaranse 10.000 € por parte de cada institución para financiar a parte correspondente aos gastos da súa institución. Na modalidade 2 outorgaranse 2.500 € por parte de cada institución para financiar a parte correspondente aos gastos da súa institución dentro de cada proxecto.

É dicir espérase financiar 4 proxectos na modalidade 1 e 4 proxectos na modalidade 2.

Os gastos elixibles para a realización dos proxectos serían:

### Modalidade 1

- Material funxible (consumibles);
- Dietas (gastos de viaxe);
- Gastos de publicación de acceso aberto;
- Inscricións en congresos ou encontros científicos, sempre que teñan lugar no ano 2024;
- Outros gastos, que deberán especificarse na solicitude.

### Modalidade 2

- Dietas (gastos de viaxe);
- Consultoría;
- Outros gastos, que deberán especificarse na solicitude.

Nas dúas modalidades non serán gastos imputables os gastos xerais (indirectos ou *overheads*) e os de contratación de persoal.

## 8. Renuncia

No caso de UVigo, a renuncia á subvención farase por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do

procedemento administrativo común das administración públicas. No caso de que se comunicase a renuncia, a Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

## 9. Réxime de xustificación e publicidade

1. Todas as publicacións, comunicacións en congresos, relatorios, etc. relacionadas con este proxecto deberán facer constar a colaboración e financiamento das dúas institucións (UVigo e UMinho)

2. O persoal beneficiario das axudas reguladas nestas bases presentará a documentación xustificativa, tanto aquela de carácter económico como a científico técnica no prazo de dous meses, contados a partir do remate da aplicación da subvención. O/A investigador/a principal do proxecto deberá de presentar perante a Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación no caso de UVigo e perante o Vice-Reitor Investigación e Innovación no caso da UMinho, un informe final no que se describan os resultados acadados que contará polo menos cos seguintes apartados, os cales deberán acreditarse documentalmente ou por calquera outro medio que deixe constancia da súa existencia:

- Resumo dos resultados do proxecto en relación cos obxectivos propostos, no caso de non acadarse todos os obxectivos deberá xustificarse.
- Descrición das actividades realizadas para alcanzar os obxectivos.
- Resultados do proxecto: artigos, comunicación en congresos, capítulos de libro, así como tamén memorias de traballos de fin de grao, de mestrado ou equivalentes.
- Outras actividades relacionadas co proxecto: relatorios, entrevistas en prensa, asistencia a feiras e xornadas divulgativas, reunións con empresarios ou institucións, etc.
- Memoria económica xustificativa.

Estes informes serán analizados nunha derradeira xuntanza da Comisión de Avaliación para valorar se os proxectos cumpriron co indicado na solicitude. Con todos os proxectos que acaden unha avaliación positiva farase unha publicación.

3. O persoal investigador beneficiario das axudas deberá entregar á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, no caso de UVigo e á Vice-Reitor Investigación e Innovación no caso de UMinho, os seus resultados en forma de capítulo de libro, axustándose ao formato e as datas que lle serán indicadas.

Braga/Vigo, 28 de novembro de 2023